

**DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO
DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

**PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA
(POPEVA) DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GUILFREI
(BECERREÁ - LUGO)**

Dirección técnica administrativa:

Fernando López López
Enxeñeiro técnico agrícola
Coordinador da zona de reestruturación parcelaria

Empresa colaboradora:

Enseros

Enxeñería e servizos integrados, SL

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Ronda da Muralla 70, baixo 1
27071 Lugo
T.: 982 294 493
infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





ÍNDICE

1. ANTECEDENTES.....	1
1.1. CONTIDO, REDACCIÓN E APROBACIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA (POPEVA).....	2
2. MEDIO FÍSICO.....	4
2.1. LOCALIZACIÓN E LÍMITES XEOGRÁFICOS.....	4
2.2. OROGRAFÍA.....	5
2.3. HIDROGRAFÍA.....	6
2.4. 2.4.- CLIMATOLOXÍA.....	7
3. MEDIO BIÓTICO.....	7
3.1. ESPAZOS NATURAIS.....	7
4. MARCO SOCIOECONÓMICO.....	9
5. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS E DAS ESTRUTURAS AGRARIAS.....	11
5.1. SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS.....	11
5.2. SITUACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.....	13
5.3. ESTRUTURA DA PRODUCCIÓN.....	14
5.4. COMERCIALIZACIÓN DA PRODUCCIÓN.....	14
5.5. PRODUCIÓNS DIFERENCIADAS.....	15
6. APTITUDE DOS TERREOS EN BASE A CRITERIOS TÉCNICO AGRONÓMICOS, ECONÓMICOS E SOCIAIS.....	15
6.1. DESCRICIÓN DA METODOLOXÍA APLICADA.....	15
6.2. DETERMINACIÓN DAS PRINCIPAIS ORIENTACIÓNS.....	16
6.3. FACTORES ANALIZADOS.....	16
6.4. FACTORES AGRONÓMICOS, ANÁLISE DOS FACTORES PARA A ZRP DE GUILFREI.....	17
6.4.1. Pendente.....	17
6.4.2. Orientacións.....	18
6.4.3. Capacidade produtiva.....	19
6.4.4. Cobertura histórica do solo.....	20
6.4.5. Cobertura actual do solo.....	21
6.4.6. Proximidade a zonas con risco de erosión.....	23
6.5. CÁLCULO DO PESO DOS FACTORES.....	24
6.5.1. Cálculo do peso dos factores para o uso agropecuario.....	24
6.5.2. Cálculo do peso dos factores para usos forestais.....	25
7. MAPAS DE APTITUDES.....	27
7.1. MAPA APTITUDE AGROPECUARIA.....	27
7.2. MAPA APTITUDE FORESTAL.....	28





7.3. MAPA APTITUDE AGROFORESTAL.....	28
8. ORIENTACIÓNS PRIORITARIAS PROPOSTAS.....	30
8.1. USO AGROPECUARIO.....	30
8.2. USO FORESTAL.....	31
8.3. NECESIDADES MÍNIMAS DE TERREO PARA OS DISTINTOS USOS.....	32
9. INICIATIVAS SINGULARES.....	32
10. ESTUDO DE TRAZAS DOS CAMIÑOS.....	32
10.1. BORRADOR DO PLAN DE OBRAS.....	35
11. NORMAS ESPECÍFICAS NO DESEÑO DE PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN PARA EXPLOTACIÓNS INTEGRADAS NO POPEVA.....	35
12. NORMAS TÉCNICAS XERAIS PARA O EMPRAZAMENTO DE PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN PARA EXPLOTACIÓNS INTEGRADAS NO POPEVA.....	36
13. RÉXIME TRANSITORIO.....	36
1. PLANO DE SITUACIÓN E LOCALIZACIÓN.....	37
2. PLANO DE ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL.....	37
3. PLANO DE TRAZAS DOS CAMIÑOS.....	37
4. PLANO DE DELIMITACIÓN DE USOS AGROPECUARIO E FORESTAL.....	37
5. PLANO 3D.....	37





MEMORIA

1. ANTECEDENTES

A reestruturación parcelaria constitúe un investimento relevante da administración agraria autonómica nunha zona concreta, previamente identificada como carente de determinadas condicións estruturais. A corrección destas deficiencias permitirá mellorar tanto a produtividade das terras como a calidade de vida das persoas titulares. En contrapartida, esíxeselles que a explotación das parcelas se realice seguindo criterios técnicos e económicos axeitados ao seu destino agrario máis idóneo. Este principio debe constituír o marco de referencia de todo procedemento de reorganización da propiedade.

A lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia introduce, respecto da lexislación anterior sobre a materia, a figura do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, que pretende que o resultado da reestruturación parcelaria supoña non só unha mellora dimensional das explotacións, senón unha auténtica ordenación dos usos agrarios, mellorando as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.

É fundamental que os importantes investimentos asociados a todo proceso de reestruturación parcelaria non se limiten á inscrición dos predios no Rexistro da Propiedade. Debe entenderse a reestruturación como un conxunto integral de actuacións no territorio, orientadas a acadar os seus fins, concibindo o espazo rural como un sistema de actividades interrelacionadas e equilibradas. Nese marco, as funcións produtivas teñen que convivir en harmonía coa protección do medio, da paisaxe e do patrimonio, perseguindo un obxectivo único: mellorar a calidade de vida da poboación no seu contorno, combater o abandono rural, favorecer a fixación de habitantes no territorio, garantir unha alimentación sa e de calidade e, por suposto, incrementar a calidade dos servizos dispoñibles.

O POPEVA debe configurarse, ademais, como un instrumento que promova o respecto á actividade agraria, aos recursos que esta emprega, ao ecosistema no que se desenvolve e á paisaxe que xera, favorecendo a convivencia tanto dentro do propio sector agrario como entre este e outros intereses, como os culturais, ambientais ou vinculados ao sector servizos.

O obxectivo último non é reducir a reestruturación parcelaria a unha simple reorganización da propiedade mediante a concentración de terras, senón avanzar cara a unha reordenación dos usos agropecuarios. Trátase de mellorar as explotacións existentes e de posibilitar a implantación de novas, atraídas pola dimensión e configuración dos novos predios, pola mellora das infraestruturas que faciliten o acceso e reduzan custos, e por un territorio máis ordenado en canto aos aproveitamentos. Isto permitirá evitar a infrautilización e o abandono das terras e, en definitiva, fomentar que os propietarios (sexa en condición de cultivadores directos ou non) dean cumprimento á función social da propiedade, incorporando os seus terreos ás explotacións existentes mediante fórmulas como o arrendamento ou a cesión a





través do Banco de Terras. Deste xeito conséguense unha mellora global do territorio e da calidade de vida dos seus habitantes.

En definitiva, o POPEVA constitúe un instrumento operativo para o cumprimento dos obxectivos recollidos no artigo 2 da Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

O plan articúlase en dúas vertentes principais:

- Por unha banda, busca determinar os usos e aproveitamentos máis axeitados para as terras obxecto de reorganización, evitando a súa infrautilización ou abandono, sempre en base a criterios obxectivos.
- Por outra, pretende definir cales deben ser as orientacións produtivas prioritarias da zona e promover a súa implantación, incluíndo iniciativas singulares que, apoiadas nun plan de viabilidade técnico-económica, contribúan á revitalización do territorio. Para favorecer esta implantación, prevese a concesión de determinadas vantaxes aos proxectos que decidan adherirse voluntariamente ao plan.

1.1. CONTIDO, REDACCIÓN E APROBACIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA (POPEVA)

A elaboración deste plan é unha actuación complementaria e necesaria para o desenvolvemento da reestruturación parcelaria nunha zona. Trátase dun documento Técnico que consiste, substancialmente, en:

- A identificación da situación actual dos cultivos e aproveitamentos e da estrutura das explotacións agrarias con presenza na zona de reestruturación.
- O establecemento e a delimitación, no conxunto da zona de reestruturación, dos diferentes usos das terras incluídas, de acordo con criterios técnico-agronómicos, económicos e sociais.
- A determinación daqueles cultivos e aproveitamentos que poidan ter posibilidade potencial e real de servir de fundamento á constitución e mantemento de explotacións ou iniciativas de aproveitamento en común, técnica, social e economicamente viables na zona, e a determinación da dimensión mínima en superficie e instalacións necesarias para acadar esa viabilidade para cada orientación produtiva.
- No seu caso, a inclusión como orientacións prioritarias das iniciativas singulares —presentadas por persoas físicas ou xurídicas— vinculadas a cultivos ou aproveitamentos non recollidos no apartado anterior, sempre que contén cun plan de viabilidade técnico-económica informado favorablemente polo servizo provincial competente.
- A apertura dun proceso de incorporación voluntaria ao plan de explotacións e iniciativas agrarias de aproveitamento en común, xa existentes ou de nova creación, interesadas en formar parte activa do plan e asumir as obrigas e dereitos establecidos para este suposto pola METAGA.
- A definición das normas técnicas específicas para o deseño dos novos predios, co fin de maximizar a súa utilidade.
- A elaboración da documentación cartográfica que reflicta os resultados do plan.





- A determinación das necesidades mínimas de superficie por orientación ou cultivo dentro da zona de reestruturación, que garantan a viabilidade das explotacións agrarias resultantes.

No plan serán tidos en conta os instrumentos de ordenación urbanística, forestal e demais directrices de ordenación do territorio de Galicia, así coma as limitacións legais que eventualmente poidan afectar ós diferentes cultivos e aproveitamentos en áreas específicas, así mesmo, poderase ter en conta calquera iniciativa que incida na mitigación e adaptación para os efectos do cambio climático.

O POPEVA, por unha banda, ordena os usos agrarios na zona obxecto de reestruturación parcelaria, aspecto este no que, logo de aprobado por resolución da dirección xeral competente, ten carácter vinculante para todos aqueles aspectos relativos a ordenación de usos agrarios. (artigo 20.4 da METAGA).

Así mesmo, o POPEVA identifica os cultivos e aproveitamentos agrogandeiros ou forestais máis axeitados polas súas características agronómicas e pola súa adaptación ao tecido socioeconómico, co obxectivo de impulsar explotacións agrarias técnica, económica e socialmente viables.

Para iso, delimítanse aquelas áreas do territorio que presentan as mellores condicións para a súa implantación, mentres que o resto da superficie estudada se cualifica como zonas sen aptitude específica, nas que, non obstante, deberán respectarse os usos ou aproveitamentos previstos polo plan.

Esta segunda vertente do POPEVA -a determinación das áreas de reestruturación preferente e sen aptitude específica, así como das orientacións produtivas prioritarias- ten carácter obrigatorio unicamente para aquelas agrupacións de titulares, explotacións, iniciativas singulares ou aproveitamentos en común que se comprometan a integrarse no plan de ordenación xa desde a fase de elaboración dos documentos.

A redacción do POPEVA, co contido xa citado, constitúe un paso previo á aprobación das bases definitivas da zona de reestruturación parcelaria.

Unha vez elaborada a documentación integrante do plan, o servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural sométea á consideración do Comité Técnico Asesor, órgano multidisciplinar no que participan a maior parte dos actores con competencias e intereses sobre o agro galego. Nel están representados, entre outros, o órgano forestal, distintos departamentos da Administración autonómica (patrimonio, medio ambiente, cultura, estradas, etc.), outras administracións públicas e tamén entidades alleas á administración con incidencia directa no territorio.

De seguido, a documentación do POPEVA sométese a exposición pública co obxectivo de que todas as persoas interesadas poidan consultala e presentar, no prazo dun mes, as alegacións que consideren oportunas.

Logo da tramitación regulamentaria, o POPEVA é aprobado mediante resolución da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural e comunicado ao concello correspondente, adquirindo carácter vinculante en todo o relativo á ordenación dos usos agrarios.





Aínda que a METAGA non o recolle expresamente, semella que este plan participa da natureza propia dos instrumentos urbanísticos de ordenación do territorio, posuindo máis ben o carácter de disposicións de alcance xeral ca de actos administrativos concretos. En consecuencia, non resulta procedente a súa impugnación en vía administrativa, non podendo ser obxecto de recurso.

En concreto a zona de reestruturación parcelaria de Guilfrei (Becerreá-Lugo) foi declarada de utilidade pública polo Decreto 171/2022 do 29 de setembro de 2022, publicado no D.O.G. nº 199 do 19 de outubro de 2022.

Como resumo dos traballos de campo executados, resultan os seguintes datos globais:

Superficie total	4.469.238 m ²
Superficie de parcelas a concentrar	4.232.917 m ²
Número de parcelas a concentrar	1.719
Número de propietarios	111
Nº parcelas por propietario	15,49


2. MEDIO FÍSICO

2.1. LOCALIZACIÓN E LÍMITES XEOGRÁFICOS

A parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei pertence ao concello de Becerreá (provincia de Lugo), dentro da comarca dos Ancares. Emprázase no extremo suroeste do concello. O perímetro da zona non abarca a totalidade dos terreos da parroquia. Os seus límites son:

- Norte: parroquia de Santa María de Vilaesteva de Herdeiros do Concello de Láncara, parroquia de San Román de Armesto do Concello de Becerreá e resto dos terreos da parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei.
- Sur: parroquia de San Xoán de Torés do Concello de As Nogais, parroquia de San Salvador de Toldaos do Concello de Triacastela e resto dos terreos da parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei.
- Leste: parroquia de San Román de Armesto do Concello de Becerreá e resto dos terreos da parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei.
- Oeste: parroquia de San Salvador de Toldaos do Concello de Triacastela, parroquia de Santa María de Vilaesteva de Herdeiros do Concello de Láncara e resto dos terreos da parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei.





2.2. OROGRAFÍA

A parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei localízase na montaña oriental da provincia de Lugo, dentro do contexto do macizo hercínico occidental, polo que presenta unha xeomorfoloxía característica das zonas de montaña media galega. O relevo está fortemente condicionado pola litoloxía do substrato —composto por rochas graníticas e xistosas— e polos procesos erosivos actuais, que dan lugar a formas estruturais variadas e a unha morfoloxía activa.

O territorio da parroquia mostra un relevo accidentado e montañoso, e pendentes moi marcadas que condicionan tanto os usos do solo como a accesibilidade. Pódense distinguir tres grandes unidades de relevo: formacións montañosas no oeste e noroeste, con altitudes que superan os 1.000 metros, formacións de menor altitude no leste e suroeste, con pendentes moderadas e unha maior presenza de vexetación e vales encaixados na zona central configurados polos cursos fluviais locais e polos seus afluentes, en particular do río Narón. Estes vales son profundos e estreitos, con marxes abruptas e fondos húmidos, que favorecen a sedimentación de materiais finos.

Nas zonas de transición entre ladeiras e vales aparecen coluviós, abanicos aluviais e conos de dexección, froito do arrastre de materiais pola gravidade e a auga. Estes depósitos, combinados coa presenza de solos soltos derivados da descomposición granular das rochas graníticas, fan que algunhas áreas presenten problemas de estabilidade, sobre todo nos treitos sen cobertura vexetal.






2.3. HIDROGRAFÍA

A zona de reestruturación atópase situada na conca hidrográfica do río Navia, aínda que moi próxima ao límite coa conca do río Miño. A súa rede hidrográfica está composta por unha serie de regatos e cursos fluviais secundarios que articulan a paisaxe local e modelan o relevo, especialmente nas zonas de val encaixado.

O curso máis relevante na contorna inmediata é o río Narón, un afluente de importancia do Navia, que recolle as augas dunha rede de regatos menores, varios dos cales nacen nas zonas máis elevadas da parroquia. Dentro dos límites da zona de reestruturación destacan os cursos do Río de Pexes, o Rego de Guilfrei, o Regueiro de Sancido e o Regueiro dos Saballeiros.

As canles destes cursos son habitualmente estreitas, encaixadas e con forte pendente, o que lles confire un comportamento hidrodinámico propio das zonas de montaña. Durante episodios de choiva intensa poden rexistrar crecidas rápidas, debido á baixa capacidade de infiltración dos solos graníticos e á pronunciada inclinación das ladeiras.

Cómpre salientar a presenza de numerosas fontes naturais, que teñen desempeñado un papel histórico clave no abastecemento doméstico e no fornecemento de auga para o gando. Estas fontes, xunto coas zonas húmidas locais, favorecen a existencia de prados de ribeira e pequenos bosques de galería, nos que medran especies típicas como ameneiros, freixos, salgueiros e bidueiros, configurando espazos de alto valor ecolóxico.






2.4. 2.4.- CLIMATOLOXÍA

A zona de reestruturación atópase dentro da clasificación climática de Köppen no dominio do clima oceánico de montaña (tipo Cfb), con claras influencias da altitude que acentúan os contrastes térmicos e incrementan a frecuencia de xeadas. Nalgúns anos, os valores térmicos poderían achegarse puntualmente ao dominio do clima continental húmido (Dfb).

A temperatura media anual na zona sitúase entre os 9 e os 11 °C, mentres que as precipitacións superan amplamente os 1.200 mm anuais, podendo chegar a 1.800 mm nos anos máis húmidos. A distribución estacional da chuvia é a seguinte: inverno 33%, outono 30%, primavera 25% e verán 12%, cun claro mínimo estival, pero non suficiente como para falar dun clima mediterráneo.

Os datos máis representativos proceden das estacións meteorolóxicas de Pedrafita do Cebreiro e Navia de Suarna, situadas en cotas e latitudes semellantes. Segundo estas fontes, o período máis seco concéntrase entre xuño e setembro, cando se reduce a frecuencia de chuvias e a evapotranspiración potencial (ETP) alcanza os valores máis elevados. A ETP media anual oscila entre 600 e 700 mm, dependendo da orientación e exposición das ladeiras.

A demanda hídrica máxima coincide, polo tanto, co trimestre no que a dispoñibilidade hídrica é máis limitada, o que pode dar lugar a déficits hídricos moderados nos solos durante o verán. Pola contra, o outono e o inverno presentan valores de evaporación moi baixos, permitindo unha boa recarga hídrica do solo e dos acuíferos locais. Este equilibrio entre precipitación, evaporación e reserva hídrica é clave para comprender os usos agrarios e forestais tradicionais da parroquia.



Ombrotermograma climático estimado da parroquia de Guilfrei

3. MEDIO BIÓTICO

3.1. ESPAZOS NATURAIS

A parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei presenta unha calidade paisaxística xeralmente alta, determinada pola súa situación en zona de montaña media, dentro da contorna natural dos





Ancares Lucenses. A configuración do relevo e a presenza de vexetación autóctona favorecen unha paisaxe equilibrada, dominada por bosques caducifolios e áreas de pasto extensivo.

Destacan especialmente os bosques de carballos (*Quercus robur*) e castiñeiros (*Castanea sativa*), situados nas ladeiras e vales máis húmidos, así como pequenas formacións de bidueiros (*Betula alba*) nas zonas baixas e nas beiras dos regatos. Estes bosques naturais combínanse con espazos de paisaxe aberta, como os prados e pasteiros que se localizan arredor dos núcleos de poboación, xerando un mosaico visual variado e de gran valor ecolóxico e escénico.

A vexetación preséntase de forma diversa, con presenza de matogueiras atlánticas (toxeiras, xesteiras) nas zonas menos produtivas ou con maiores pendentes. Estas formacións poden aparecer de maneira dispersa ou como sotobosque de comunidades arbóreas en fase de rexeneración natural.

En certos puntos da parroquia identifícanse masas forestais de produción, fundamentalmente de piñeiro (*Pinus radiata*) e, en menor medida, de eucalipto (*Eucalyptus nitens*). Estas aparecen sobre todo en áreas máis altas e menos fértiles, onde foron introducidas en procesos de reforestación.

É frecuente, como ocorre noutras parroquias rurais de montaña, a existencia de elementos vexetais lineais como sebes, arborados en lindes de leiras ou faixas de vexetación riparia, que contribúen á conectividade ecolóxica e á diversidade estrutural da paisaxe.

A pesar de que a zona de Guilfrei non se atopa incluída en figuras de protección ambiental oficiais (como LIC, ZEC ou zonas RAMSAR), parte do seu territorio contén hábitats naturais incluídos na Directiva 92/43/CEE, espazos de alto valor ecolóxico que se reflicten na táboa seguinte:

HÁBITATS NATURAIS DE INTERESE
Hábitat 9230, Carballeiras galaico-portuguesas con (<i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>)
Hábitat 9260, Bosques de <i>Castanea Sativa</i>
Hábitat 91E0, Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>
Hábitat 6110, Prados calcáreos kársticos ou basófilos de <i>Alyso-Sedion albi</i>

En canto ao Patrimonio Cultural, hai que destacar a presenza dentro da zona de reestruturación dalgúns elementos etnográficos e xacementos de notable interese, os resultados dos cales se mostran no EIA, a partir do cal se identificaron e cartografaron os elementos de interese patrimonial na zona de estudo, facendo mención ás medidas protectoras a aplicar para evitar a destrución parcial ou total deses elementos e o seu entorno próximo.

NOME	CÓDIGO	LUGAR	INTERESE
O CASTRO DE GUILFREI	GA27006018	Guilfrei	ARQ
CASTRO 2 DE GUILFREI		Guilfrei	ARQ
IGREXA DE STA. EULALIA	LU 006055	Guilfrei	ART
CASA TORRE (CASA DOS CORREDOIRA)	LU 006056	Guilfrei	ART
CAPELA DE NARÓN		Narón	ART
MUÍÑO DAS FERRERÍAS		Narón	ART
MUÍÑO DAS TABERNAS		Narón	ART





4. MARCO SOCIOECONÓMICO

A demografía e a distribución da poboación exercen unha influencia determinante sobre o espazo físico e a súa configuración. Tradicionalmente, os núcleos de poboación asentáronse en función do acceso aos recursos naturais dispoñibles, como a auga, os solos cultivables e os espazos aptos para o pastoreo. Esta relación entre poboación e territorio é especialmente evidente na parroquia de Guilfrei, onde a interacción histórica co medio deu lugar a unha paisaxe rural estruturada en pequenas aldeas dispersas, conectadas por camiños tradicionais e rodeadas de mosaicos agroforestais.

Segundo os datos do Padrón Continuo do Instituto Galego de Estatística (IGE), a parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei presenta unha estrutura demográfica marcadamente envellecida, acorde coa tendencia xeral da montaña luguesa. O índice de envellecemento é moi elevado, situándose por riba do 200%, e a idade media da poboación supera os 50 anos, reflectindo un escaso relevo xeracional. Os menores de 20 anos representan unha porcentaxe moi reducida da poboación total, mentres que os maiores de 65 anos constitúen o grupo dominante. A presenza de poboación en idade activa (entre 20 e 64 anos) está tamén en retroceso, e moitas das vivendas están ocupadas só de xeito estacional.

Guilfrei é unha parroquia claramente rural, encaixada nun territorio de baixa densidade poboacional, ben por debaixo do limiar dos 150 habitantes/km² establecido pola OCDE. Este feito acentúa os procesos de despoboamento, envellecemento e perda de dinamismo demográfico, comúns ás áreas interiores do oriente lucense.

No tocante á evolución demográfica, os datos históricos do concello de Becerreá amosan un descenso progresivo da poboación dende mediados do século XX, agravado pola emigración xuvenil e a escasa incorporación de novas familias. Guilfrei non é unha excepción dentro desta dinámica regresiva, que se traduce nunha menor densidade de uso do solo, abandono de terras e incremento da superficie forestal espontánea.

En canto aos indicadores económicos, a actividade agropecuaria tradicional (principalmente gandería extensiva e agricultura de subsistencia) foi durante décadas o eixo económico da parroquia. Con todo, esta actividade viuse reducida de forma notable polas xubilacións, o abandono rural e a falta de substitución xeracional. Na actualidade, unha parte significativa da poboación residente activa traballa fóra da parroquia, noutros sectores económicos ou en municipios próximos como Becerreá ou mesmo Lugo.

O sector servizos representa o principal destino laboral da poboación ocupada, aínda que o sector primario mantén certa presenza a través de pequenas explotacións familiares, especialmente vinculadas á produción de carne ou leite en réxime extensivo. O sector secundario é moi reducido na zona, limitado a actividades da construción e obradoiros artesanais ou forestais.


A parroquia non conta cun tecido empresarial estruturado nin con solo industrial específico. A súa conectividade territorial é limitada, e depende fundamentalmente das conexións da estrada LU-6201. Non obstante, a súa paisaxe ben conservada, o valor ambiental e o potencial de recuperación de espazos produtivos ofrecen oportunidades para modelos de desenvolvemento alternativos, como a agricultura ecolóxica, a silvicultura sostible ou o turismo de natureza.

En canto á evolución demográfica, tanto a comunidade autónoma como a provincia de Lugo experimentan un descenso poboacional. No caso do concello de Becerreá, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), a poboación foi evolucionando do seguinte xeito:






ANO	HABITANTES
2000	3.732
2002	3.552
2004	3.424
2006	3.334
2008	3.276
2010	3.181
2012	3.072
2014	3.012
2016	2.921
2018	2.827
2020	2.807
2022	2.755
2024	2.703



Os indicadores económicos no municipio de Becerreá sinalan que a principal fonte de ingresos ata a década dos oitenta proviña da actividade agraria. A partir desa época, producíronse transformacións significativas e a actividade agropecuaria empezou a decaer, principalmente debido á dinámica demográfica, onde as baixas por morte ou xubilación superaron amplamente ás novas incorporacións de activos no sector. Ademais, un número considerable de persoas trasladouse do sector agrario cara o sector servizos e, en menor medida, cara o sector secundario (industria e construción), un fenómeno que é común en moitas economías desenvolvidas.





Poboación ocupada por sectores económicos

Na actualidade, a taxa de desemprego no municipio é do 7%. Con todo, como se observa na gráfica de ocupación por sectores, o sector terciario ou de servizos ocupa a maior parte da poboación (68%), seguido polo sector secundario, que inclúe a industria (14%) e a construción (7%). Aínda que o sector primario aínda ten un peso significativo na economía municipal, proporcionando emprego ao 11% da poboación, segundo datos do Instituto Galego de Estatística para o ano 2021.

Non existe un polígono industrial de grandes dimensións, mais o tecido empresarial vincúlase fundamentalmente ao sector forestal, agroindustrial e construción local, con pequenas e medianas empresas relacionadas con actividades artesanais e de servizo dentro do concello e nas contornas próximas.

5. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS E DAS ESTRUTURAS AGRARIAS

5.1. SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

A situación actual no concello de Becerreá, en canto a cultivos e aproveitamentos, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE, 2023), revela que conta cunha superficie de cultivos e prados de ao redor de 3.420 hectáreas (20%), en comparación coas 13.101 hectáreas (76%) ocupadas por áreas forestais e 684 hectáreas (4%) dedicadas principalmente a usos artificiais e outros. Estes datos destacan o peso significativo no municipio da estrutura forestal, a cal necesita cambiar, como sucede nas zonas de reestruturación, para mellorar a Superficie Agraria Útil (SAU) das explotacións existentes e buscar as zonas máis adecuadas para a produción de cultivos.

A evolución desta distribución ao longo dos últimos anos reflíctese na seguinte táboa:

ANO	SUP. FORESTAL	SUP. SAU	OUTRAS SUP.
2021	12.941	3.598	666
2022	12.938	3.599	668
2023	13.101	3.420	684

A situación agraria da parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei reflicte con fidelidade as dinámicas xerais das parroquias rurais de montaña interior en Galicia. A distribución dos usos do solo





presenta un predominio de superficies forestais, que ocupan a maior parte do territorio, fronte ás áreas agrarias, que están en claro retroceso tanto en superficie como en intensidade de uso.

A zona de reestruturación parcelaria pódese considerar heteroxénea e posúe áreas ben diferenciadas desde o punto de vista agronómico e das características topográficas. En liñas xerais distínguense dous tipos de aproveitamentos, diferenciados pola súa importancia. No primeiro caso, existe unha área extensa ocupada polos núcleos de carácter rural cunha orientación preferente cara á agricultura: zonas de labranza, baldías e hortas de autoconsumo que se atopan situadas en parcelas case sempre próximas aos núcleos rurais. Á súa vez, estas áreas están rodeadas por unha zona cun carácter máis intensivo, onde se cultivan diversas especies forraxeiras (millo, herba) cun aproveitamento vinculado á base de sustentación gandeira destinada ás explotacións. Estes predios adoitan presentar mellores características planimétricas, acceso á auga e fertilidade do chan.

Doutra banda, nas áreas forestais predominan as especies autóctonas de cultivos leñosos, como o castiñeiro, carballo e especies de ribeira, xunto con outras plantacións forestais, principalmente de eucalipto. Polo xeral, estas parcelas presentan perímetros irregulares e dimensións reducidas, o que limita as posibilidades de explotacións rendibles debido ao seu tamaño medio e estrutura.

A clasificación de terras elaborada como parte do traballo de campo en Guilfrei figuran na seguinte táboa:

CLASE TERRA	SUPERFICIE (m ²)
Labradío de 1ª (L1)	447.737
Labradío de 2ª (L2)	1.085.629
Labradío de 3ª (L3)	758.824
Labradío de 4ª (L4)	292.789
Labradío de 5ª (L5)	1.413
Labradío de 1ª Núcleo (L1N)	52.339
Labradío de 2ª Núcleo (L2N)	649
Labradío de 3ª Núcleo (L3N)	3.264
Monte de 1ª (M1)	125.481
Monte de 2ª (M2)	495.942
Monte de 3ª (M3)	537.696
Monte de 4ª (M4)	125.352
Monte de 3ª Núcleo (M3N)	494
Monte de 4ª Núcleo (M4N)	144
Prado de 1ª (P1)	49.245
Prado de 2ª (P2)	154.570
Prado de 3ª (P3)	49.126
Prado de 4ª (P4)	27.659
Prado de 1ª Núcleo (P1N)	6.491
Inculto (I)	13.885
Inculto Núcleo (IN)	4.188





5.2. SITUACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

Nas últimas décadas a paisaxe ten mudado considerablemente, as terras de cultivo deron paso a pasteiros, incrementados tamén pola deforestación dos montes. Como consecuencia directa, rexistrouse un aumento no número de gando, especialmente bovino. Con todo, do mesmo xeito que noutras rexións de Galicia e como un modelo da evolución cara a unha maior especialización na produción agraria, observouse un continuo descenso no número de explotacións gandeiras en toda a comunidade.

No concello de Becerreá, segundo datos do Censo Agrario elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, evidénciase unha diminución significativa no número de explotacións desde 1989, cando se rexistraron 937, ata 762 en 1999 e posteriormente 459 en 2009. Actualmente, con 279 explotacións, estes datos indican unha situación agravada, en parte debido ao envellecemento da poboación e, doutra banda, á menor rendibilidade das pequenas explotacións que tenden a desaparecer debido ao aumento dos prezos de consumos externos. A modernización e mellora xenética/productiva de moitas explotacións nos últimos anos permitiron adaptarse ás demandas dos novos mercados agrarios cada vez máis globalizados.

Ao observar as cifras de gando en Becerreá, evidénciase un descenso en todos os tipos de explotacións, como parte dun proceso de especialización produtiva e peche de algunhas motivadas pola xubilación dos seus propietarios. A pesar diso, a situación actual da zona de Santa Eulalia de Guilfrei mostra unha presenza significativa de explotacións bovinas. Existen un total de 21 explotacións de bovino, 16 de carne, 3 de produción de leite e 2 mixtas, cun número total de cabezas de 544.

EXPLOTACIÓN	LOCALIZACIÓN	TIPO/CLASIFICACIÓN	CABEZAS
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	3
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción mixta	34
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	14
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	15
ES27006*****	NARON	Reprodución para produción de carne	114
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	1
ES27006*****	NARON	Reprodución para produción de leite	37
ES27006*****	NARON	Reprodución para produción de carne	40
ES27006*****	NARON	Reprodución para produción de carne	21
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	43
ES27006*****	NARON	Reprodución para produción de carne	6
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	24
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	39
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	0
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	50
ES27006*****	NARON	Reprodución para produción de leite	7
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	4
ES27006*****	NARON	Reprodución para produción de leite	57





EXPLOTACIÓN	LOCALIZACIÓN	TIPO/CLASIFICACIÓN	CABEZAS
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción mixta	30
ES27006*****	GUILFREI	Reprodución para produción de carne	5
ES27006*****	A PENELA	Reprodución para produción de carne	0

O resto do actual censo gandeiro está conformado por 17 explotacións avícolas todas elas de autoconsumo, salvo unha de produción de carne e outra de produción de ovos; 1 explotación equina; 13 explotacións porcinas de cebo, todas elas de autoconsumo salvo unha que ten capacidade reducida e outra de tipo mixto e por último 3 explotacións apícolas emprazadas no lugar de Guilfrei.

5.3. ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

No contexto das explotacións agrarias, arraigadas en prácticas culturais consolidadas, canles de comercialización establecidas e unha base territorial con características agronómicas específicas, os usos propostos para as terras buscan aproveitar e ordenar as posibilidades de rendementos óptimos.

Na Comarca dos Ancares, nos últimos datos estatísticos destácase que na maioría dos casos prevalecen os cultivos herbáceos, prados/pastos e a superficie forestal en comparación con outros usos, e dentro dos tipos de cultivo, obsérvase que os forraxeiros (millo, herba) son os predominantes, xunto con superficies forestais.

Nos últimos anos, as producións gandeiras, especialmente as explotacións de bóvidos tanto para carne como para leite, xurdiron como elementos destacados nas principais actividades agrarias das zonas de reestruturación. Segundo as declaracións da Política Agrícola Común (PAC), as explotacións existentes presentan características que, ata a data, céntranse principalmente en pastos e cultivos de forraxe para a alimentación do gando. No futuro, búscase aumentar polo menos as superficies potencialmente agrícolas e mellorar os rendementos económicos nas producións.

5.4. COMERCIALIZACIÓN DA PRODUCCIÓN

A comercialización da produción agraria e gandeira do concello está fortemente ligada á súa especialización no sector de bovino de carne, aínda que tamén existen outras liñas produtivas complementarias.

As explotacións que optan pola produción cárnica comercializan os seus produtos principalmente a través de canais convencionais, como os cebadeiros, matadoiros e intermediarios que abastecen os mercados nacionais. Porén, nos últimos anos, comezan a aparecer iniciativas de venda directa e comercialización en circuitos curtos, especialmente de produtos diferenciados ou ecolóxicos.

A maior parte da produción láctea destínase á industria transformadora, sendo recollida por empresas lácteas de ámbito galego e estatal. A presenza de cooperativas agrarias facilita a comercialización conxunta e permite mellorar as condicións de venda para os produtores locais. Estas cooperativas tamén xogan un papel importante no subministro de insumos, na formación técnica e na xestión de servizos comúns, como a recollida de leite ou a asesoría veterinaria.

En canto á produción agrícola, esta é minoritaria e ten un destino principalmente local. Moitos produtores venden os excedentes nos mercados de proximidade ou para autoconsumo, aínda que existen tamén casos puntuais de comercialización a través de canles de distribución local ou rexional.





Cómpre destacar que a comercialización forestal tamén xoga un papel importante no concello, dado o gran número de hectáreas dedicadas á produción de madeira. As cortas de piñeiro e eucalipto destínanse maioritariamente á industria madeireira galega, xerando ingresos complementarios para moitas explotacións agrarias.

5.5. PRODUCCIÓN DIFERENCIADAS

Ao establecer diversos tipos de cultivos, búscase alcanzar obxectivos de calidade mediante producións diferenciadas que harmonicen as demandas dunha sociedade moderna orientada cara á produción agraria, ao mesmo tempo que se protexe o medio ambiente, co propósito de lograr rendementos sostibles e economicamente viables.

En primeiro lugar, emprégase o control integrado, que fusiona métodos químicos, biolóxicos e culturais de maneira compatible para obter un control efectivo con consecuencias positivas tanto no ámbito económico como ambiental. Algunhas destas prácticas inclúen a loita química específica e respectuosa, o control biolóxico e a utilización de plantas resistentes e saudables. Ademais, dentro dos sistemas agrícolas de produción integral vexetal, existen enfoques que maximizan o aproveitamento dos mecanismos de produción naturais, asegurando a longo prazo unha agricultura máis sostible. Estes métodos incorporan prácticas biolóxicas e químicas de control, así como outras técnicas que satisfán as demandas dos mercados actuais.

De maneira similar, a produción ecolóxica abarca as técnicas agrícolas que xeralmente exclúen o uso de produtos químicos de síntese, como praguicidas, antibióticos ou insumos externos, co propósito de preservar os valores ambientais. O enfoque busca manter ou incrementar a fertilidade do chan para producir alimentos que conserven as súas propiedades naturais.

Por último, as marcas de calidade, especialmente no caso das producións cárnicas, poden aumentar o valor engadido dos produtos baixo denominacións como a Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega e a Tenreira Ecolóxica.

6. APTITUDE DOS TERREOS EN BASE A CRITERIOS TÉCNICO AGRONÓMICOS, ECONÓMICOS E SOCIAIS.

Un dos contidos máis importantes do POPEVA é o establecemento e a delimitación, no conxunto da zona de reestruturación, dos diferentes usos das terras incluídas, en base a criterios técnico-agronómicos, económicos e sociais, así como a determinación das orientacións prioritarias, entendidas estas como "os cultivos e aproveitamentos que poidan ter posibilidade real e potencial de servir de fundamento á constitución e mantemento de explotacións ou iniciativas de aproveitamento en común, técnica, social e economicamente viables na zona, e a determinación da dimensión en superficie para acadar esa viabilidade de cada orientación produtiva".

Cultivos ou aproveitamentos para os que exista unha maior aptitude tecnicamente xustificada, desde o punto de vista económico, técnico, social e ambiental, na totalidade ou nunha parte do perímetro, que sexan considerados como preferentes e aqueles outros que, sen presentar as anteriores características, non impliquen danos de carácter social e ambiental, que serán considerados secundarios.

6.1. DESCRICIÓN DA METODOLOXÍA APLICADA.

De cara a determinar a aptitude técnico-agronómica, económica e social, defínese a continuación unha breve descrición da metodoloxía aplicada.

- Estudo previo da zona de actuación.
 - Partimos dos datos da zona (físicos, ambientais, patrimoniais, sociais)
 - Determinación das principais orientacións produtivas.





- Factores que condicionan a aptitude dun terreo como forestal ou agropecuario.
 - Elección dos factores principais (pendentes, orientacións, capacidade produtiva, risco de erosión e cobertura histórica e actual).
 - Establecemento dos pesos e intervalos dos factores na determinación da aptitude forestal ou agropecuaria.
- Xeración de mapas de aptitude en catro categorías (baixa, media-baixa, media alta e alta) para a aptitude agropecuaria ou forestal.
- Necesidades de terreo para as orientacións prioritarias produtivas, sexan agropecuarias ou forestais.
- Plano final dos usos, diferenciando agrícola e forestal.

6.2. DETERMINACIÓN DAS PRINCIPAIS ORIENTACIÓNS

As principais orientacións produtivas na zona de reestruturación parcelaria de Guilfrei son a agrogandeira centrada maiormente no bovino cárnico e en menor medida no bovino lácteo e por outra banda a forestal, constituída por repoboacións de particulares en moitos casos non residentes na zona, terreos que en parte poden recuperar o uso agropecuario favorecendo a fixación de poboación rural.

Atendendo aos requirimentos das explotacións, diferenciamos para a zona de reestruturación parcelaria de Guilfrei as seguintes orientacións:

- Orientación agropecuaria, con aproveitamento maioritario mediante pastos permanentes, cultivos herbáceos e forraxeiros destinados á alimentación do gando. Complementariamente, poderá contemplarse o cultivo de especies hortícolas destinadas ao autoconsumo, sempre en proporcións menores. As parcelas incluídas nesta tipoloxía deberán manter o seu carácter agrogandeiro, non sendo admisible a súa forestación nin o cambio de uso incompatible coa súa especial vocación produtiva.
- Orientación forestal, referido a superficies destinadas á produción de especies forestais, incluíndo tanto frondosas caducifolias como coníferas (piñeiros) e especies de crecemento rápido (eucaliptos). A superficie ocupada por formacións de matogueira deberá ser limitada, agás nos casos xustificadas por criterios ou requirimentos de tipo ambiental, ecolóxico ou de conservación, conforme á normativa vixente en materia de xestión forestal e planificación ambiental.

6.3. FACTORES ANALIZADOS

Para a selección dos factores considerouse a consistencia, a resolución e a escala das fontes de datos dispoñibles para a súa caracterización, así como o grao de correlación existente entre os mesmos, co obxectivo de garantir unha análise sintética e rigorosa. Excluíronse determinados factores que, malia poder resultar de interese en estudos realizados noutras áreas xeográficas ou a diferentes escalas, non presentan relevancia no contexto de Guilfrei, dadas as particularidades da súa superficie e demais características xa descritas.

- Factores agronómicos
 - Pendente
 - Orientación
 - Capacidade produtiva
- Factores relacionados co uso ou cobertura do solo
 - Cobertura histórica do solo
 - Cobertura actual do solo






- Factores vinculados a riscos ambientais
 - Proximidade a zonas con risco de erosión

6.4. FACTORES AGRONÓMICOS, ANÁLISE DOS FACTORES PARA A ZRP DE GUILFREI

6.4.1. Pendente

A zona presenta un relevo accidentado e montañoso, e pendentes moi marcadas que condicionan tanto os usos do solo como a accesibilidade, as pendentes máis pronunciadas concéntranse na zona sueste.

Para a análise deste factor utilizouse como base o Modelo Dixital do Terreo de segunda cobertura (2015-Actualidade), cunha resolución de malla de 2 metros (MDT02), do Instituto Xeográfico Nacional (IGN).



Plano de pendentes da ZRP de Guilfrei.

PENDENTE	SUPERFICIE (HA)	%
< 10%	77	17,23
10-20%	143	31,99
20-30%	113	25,28
>30%	114	25,50

Distribución de pendentes






6.4.2. Orientacións

A orientación predominante no perímetro da zona de reestruturación corresponde a exposicións de solaina (62,19%), que, por seren máis cálidas e luminosas, resultan especialmente favorables para cultivos con altos requirimentos de luz e baixa demanda hídrica. Este tipo de orientación beneficia especialmente os usos agrogandeiros, aínda que tamén pode favorecer determinadas plantacións forestais de produción. Pola súa banda, as zonas con orientación de umbría representan o 12,31% da superficie. Estas áreas caracterízanse por manter maiores niveis de humidade, polo que poden resultar axeitadas para o desenvolvemento de especies frondosas, máis esixentes en dispoñibilidade hídrica.

Para a análise deste factor utilizouse como base o Modelo Dixital do Terreo de segunda cobertura (2015-Actualidade), cunha resolución de malla de 2 metros (MDT02), do Instituto Xeográfico Nacional (IGN).



Plano de orientacións da ZRP de Guilfrei.

ORIENTACIÓN	SUPERFICIE (HA)	%
Solaina	278	62,19
Umbría	55	12,31
Leste	27	6,04
Oeste	87	19,46

Distribución de orientacións





6.4.3. Capacidade produtiva

Para a análise deste factor utilízase o Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia (Díaz-Fierros Viqueira e Gil Sotres, 1984), que clasifica os solos segundo a súa aptitude para a mecanización, a profundidade de enraizamento e o risco de erosión. A zona incluída no ámbito da reestruturación parcelaria presenta tres clases de solo diferenciadas en función da súa capacidade produtiva.


- Clase D. Solos nos que se pode empregar maquinaria pesada pero con risco de erosión grave. Solos nos que está impedida a utilización de maquinaria pesada na maior parte dos casos pola existencia de afloramentos rochosos e/ou por exceso de pendente. En xeral con profundidades intermedias que limitan o crecemento de plantas de enraizamento profundo. Risco de erosión moderado.
- Clase E. Solos que só permiten a utilización de maquinaria manual ou de tracción animal e con profundidades que varían de superficiais a profundas. Ou ben solos que admiten aplicación de maquinaria lixeira pero que o seu aproveitamento está limitado ou ben por pendentes ou afloramentos excesivos, ou riscos de erosión graves. Ou ben solos que admiten a aplicación de maquinaria pesada pero que están fortemente limitados por unha escasa profundidade, sendo o risco de erosión de nulo a grave. Solos de tipo marsh costeiros.
- Clase F. Solos que só admitirían a utilización de maquinaria manual ou forestal. As limitacións virían dadas ou pola gran abundancia de afloramentos rochosos e/ou por pendentes demasiado abruptas. Normalmente con risco grave de erosión.

A clase de solo predominante na zona, cun 66,00% da superficie total dentro da zona de reestruturación parcelaria son os tipos D, seguida do tipo E cun 20,80%. A categoría F que representa terreos con peor calidade ocupa pouca extensión en relación coa superficie total da zona.

ORIENTACIÓN	SUPERFICIE (HA)	%	AP_Millo	AP_Prado	AP_Pinaster
D	295	66,00	N2	A2t	A2t
E	93	20,80	N2	A3t	A3t
F	59	13,20	N2	A3t	A3i

Capacidade produtiva do solo na ZRP de Guilfrei





Plano de capacidade produtiva do solo na ZRP de Guilfrei


6.4.4. Cobertura histórica do solo

Para a xeración da cartografía correspondente á cobertura histórica do solo, realizouse unha foto interpretación da ortoimaxe aérea do ano 1956, da que se extraen as superficies da táboa seguinte. A categoría predominante no uso histórico é a de SAU, que comprende o 58,61% da superficie total da ZRP.

USOS DO SOLO NO ANO 1956		
TIPO	SUPERFICIE (HA)	%
SAU	262	58,61
FORESTAL	162	36,24
INCULTO	23	5,15

Distribución da superficie en función do uso do solo na ZRP de Guilfrei.





Plano dos usos do solo no ano 1956 na ZRP de Guilfreí


6.4.5. Cobertura actual do solo

Para a identificación dos usos agroforestais actuais tómake como base os usos identificados a nivel de parcela mediante traballo de campo e a foto interpretación da imaxe do PNOA 2023.

Na elaboración desta cartografía clasifícase a superficie obxecto de estudo en 3 categorías: Forestal, Agropecuaria (SAU) e Improdutivo ou inculto (edificacións, estradas, etc.)

O uso actual predominante no perímetro obxecto de reestruturación segue sendo o agropecuario, que indica o importante peso que ten a actividade agraria.





Plano dos usos do solo actual na ZRP de Guilfrei.

USOS DO SOLO ACTUAL		
TIPO	SUPERFICIE (HA)	%
SAU	293	65,55
FORESTAL	127	28,41
INCULTO	27	6,04

Distribución da superficie en función do uso do solo actual na ZRP de Guilfrei

Neste apartado destacamos como xa adiantamos con anterioridade, que coincide en gran parte coa clasificación de terras feita en colaboración co grupo auxiliar de traballo, e que determinará en gran medida a reorganización da propiedade e os aproveitamentos a establecer no proceso reestruturador da propiedade; de aí que no apartado correspondente se lle deba dar un peso importante en relación a outros factores.

USOS DO SOLO 1956-ACTUAL		
TIPO	DIFERENZA (HA)	VAR %
SAU	- 31	11,83
FORESTAL	+ 35	21,60
INCULTO	-4	17,39

Comparativa evolución do uso do solo






6.4.6. Proximidade a zonas con risco de erosión

Na elaboración deste factor utilizouse como base cartográfica o Inventario Nacional de Erosión de Solos, realizado a escala 1:50.000. Este inventario ten como finalidade identificar, cuantificar e representar cartograficamente os principais procesos erosivos, así como seguir a súa evolución ao longo do tempo mediante un rexistro continuo.

Para esta análise empregouse o movemento de masas como indicador do grao de erosión presente na zona de Guilfreí, observándose en cinco niveis (nulo ou moi baixo, baixo ou moderado, medio, alto e moi alto). A maior parte do territorio presenta un grao de erosión medio, o que indica leves perdas de materia orgánica e nutrientes no solo.

- Nivel 1, correspóndese coa categoría "Risco nulo ou moi baixo". Non se aprecian procesos erosivos significativos. O solo permanece estable e con boas condicións estruturais.
- Nivel 2, correspóndese coa categoría "Risco baixo ou moderado". Posibles perdas superficiais de solo ou pequenos esvaramentos, sen afectación relevante. Mantense a estabilidade xeral.
- Nivel 3, correspóndese coa categoría "Risco medio". Erosión visible en zonas de pendente media. Leves perdas de materia orgánica e nutrientes; risco controlable.
- Nivel 4, correspóndese coa categoría "Risco alto". Evidencias de erosión intensa ou movementos de masa. Requírese seguimento e medidas de conservación do solo.
- Nivel 6, correspóndese coa categoría "Risco moi alto". Risco extremo. Zonas con procesos erosivos activos (esvaramentos, cárcavas, noiros inestables). Prioritarias para restauración e control.



Plano de zonas de risco de erosión ZRP de Guilfreí.





RISCO POTENCIAL EROSIÓN SOLOS		
TIPO	SUPERFICIE (HA)	%
1	56	12,53
2	42	9,40
3	206	46,09
4	113	25,28
6	30	6,70

Distribución da superficie en función do nivel de erosión

6.5. CÁLCULO DO PESO DOS FACTORES

A cada un destes factores descritos anteriormente asígnaselle unha ponderación específica, expresada en porcentaxe, atendendo á súa influencia relativa sobre a aptitude do solo. Estes pesos reflicten a relevancia de cada variable no proceso de toma de decisións e permiten unha análise comparativa entre unidades territoriais.

Paralelamente, cada factor é subdividido en rangos ou clases, aos que se lles outorga un valor numérico en función do seu grao de idoneidade para o uso agropecuario ou forestal.

Para a asignación da porcentaxe de peso dos factores e do valor de idoneidade para cada rango baseámonos en criterios técnicos máis comunmente aceptados tendo en conta as particularidades da zona.

A combinación do peso porcentual de cada factor co valor asignado ao seu rango correspondente dá lugar a un índice ponderado, que constitúe a base cuantitativa para a análise espacial a través de ferramentas de Sistemas de Información Xeográfica (SIX). Este índice resulta determinante para a delimitación dos predios de especial vocación agraria e para a proposta de ordenación e uso dos mesmos no marco do presente plan.

6.5.1. Cálculo do peso dos factores para o uso agropecuario

PONDERACIÓN APTITUDE AGROPECUARIA			
%	VARIABLE	RANGO	PESO
35	PENDENTE	< 10%	100
		10-20%	75
		20-30%	50
		>30%	25
10	ORIENTACIÓN	Solaina	100
		Leste	50
		Oeste	50
		Umbría	25
5	CAPACIDADE PRODUTIVA	D	100
		E	75
		F	25
35	COBERTURA HISTÓRICA	I	0
		SAU	100
		Forestal	25
10	COBERTURA ACTUAL	I	0
		SAU	100
		Forestal	25





PONDERACIÓN APTITUDE AGROPECUARIA			
%	VARIABLE	RANGO	PESO
5	PROXIMIDADE ÁS ZONAS DE RISCO DE EROSIÓN	1	100
		2	80
		3	60
		4	40
		6	10

En síntese, considérase que os solos destinados a labradíos e prados, así como determinadas áreas de monte con viabilidade para a mecanización, representan as condicións máis favorables para o uso agropecuario cando presentan pendentes suaves ($\leq 10\%$) con risco de erosión moderado, profundidades medias a moderadas, boa capacidade de drenaxe das augas pluviais, ausencia de encharcamentos e condicións de saneamento adecuadas. Ademais, a orientación suroeste ou sueste dos predios constitúe un factor adicional de idoneidade.

O obxectivo é que estas condicións se vexan correctamente reflectidas na cartografía xerada a partir da análise espacial, garantindo unha representación axustada da aptitude agropecuaria dos terreos.

6.5.2. Cálculo do peso dos factores para usos forestais

PONDERACIÓN APTITUDE FORESTAL			
%	VARIABLE	RANGO	PESO
35	PENDENTE	< 10%	25
		10-20%	50
		20-30%	75
		>30%	100
10	ORIENTACIÓN	Solaina	50
		Leste	50
		Oeste	50
		Umbría	50
5	CAPACIDADE PRODUTIVA	D	75
		E	50
		F	50
35	COBERTURA HISTÓRICA	I	0
		SAU	25
		Forestal	100
10	COBERTURA ACTUAL	I	0
		SAU	25
		Forestal	100
5	PROXIMIDADE ÁS ZONAS DE RISCO DE EROSIÓN	1	40
		2	40
		3	60
		4	80
		6	100

Mantéñense os factores previamente analizados, pero adáptanse as porcentaxes de ponderación en función das especificidades do uso forestal fronte ao agropecuario. En concreto, increméntase





o peso atribuído ao factor de cobertura histórica nun contexto no que a superficie forestal era case residual, o que constitúe un indicador sólido de aptitude forestal.

Igualmente a presenza actual de masas forestais en terreos que historicamente foron aproveitados para a actividade agrícola constitúe un indicador sólido de aptitude forestal.

Así mesmo, outórgase unha maior relevancia ao criterio de proximidade a zonas con risco de erosión, dado que a implantación forestal actúa como medida natural de corrección e prevención deste tipo de procesos.

En contraposición, redúcese a ponderación do factor de capacidade produtiva, ao entender que o uso forestal presenta menores esixencias en termos de fertilidade do solo e un menor requirimento de mecanización intensiva e continua en comparación coa actividade agropecuaria.

Ademais, revísanse os valores de idoneidade asignados aos distintos rangos dentro de cada factor. Por exemplo, priorízase o uso forestal en pendentes superiores ao 20%, dadas as limitacións operativas para o cultivo agrícola nestes casos. Pola contra, restrínxese a idoneidade para usos forestais nas áreas próximas a núcleos de poboación ou a explotacións agropecuarias, en coherencia co marco normativo vixente e coas directrices establecidas en materia de ordenación do territorio e prevención de riscos.






7. MAPAS DE APTITUDES

Neste punto, desenvólvese a elaboración dos mapas de aptitudes diferenciados para usos agropecuarios e forestais, baseados na análise multicriterio dos factores definidos.

Finalmente, tendo en conta os resultados obtidos, as necesidades de superficie asociadas ás orientacións produtivas prioritarias, así como os condicionantes legais e ambientais vixentes, configúrase o mapa de ordenación dos usos agroforestais para a zona de reestruturación parcelaria de Guilfrei. Este mapa integra e distingue espacialmente as áreas con vocación preferente agropecuaria e aquelas con maior aptitude forestal, facilitando unha proposta de ordenación coherente e sustentable.

7.1. MAPA APTITUDE AGROPECUARIA

Establécense catro niveis de aptitude: baixa, media-baixa, media-alta e alta.




Plano de zonas de aptitude agropecuaria da ZRP de Guilfrei.





7.2. MAPA APTITUDE FORESTAL

Establécense catro niveis de aptitude: baixa, media-baixa, media-alta e alta.



Plano de zonas de aptitude forestal da ZRP de Guilfrei.

7.3. MAPA APTITUDE AGROFORESTAL

Para a elaboración do mapa de aptitude agroforestal, co obxectivo de diferenciar adecuadamente os terreos con vocación agrogandeira daqueles con maior aptitude forestal, téñense en conta os seguintes criterios fundamentais:

- Resultados dos mapas de aptitude específicos: Tomando como base os mapas de aptitude agropecuaria e forestal previamente elaborados, selecciónanse as áreas que presentan unha mellor idoneidade para cada tipo de uso, segundo os valores obtidos na análise multicriterio.
- Necesidades de superficie para cada orientación produtiva: Considérase a superficie requirida para satisfacer as principais orientacións agrogandeiras e forestais, garantindo unha distribución equilibrada e funcional do territorio.






- Creación de zonas funcionalmente ordenadas: Procúrase unha distribución espacial dos usos que minimice as interferencias negativas entre eles, promovendo a compatibilidade e eficiencia no aproveitamento do solo.
- Limitacións legais e normativas: Respéctanse as restricións establecidas pola normativa sectorial, en particular aquelas referidas á implantación de especies forestais en determinadas áreas, co fin de protexer persoas e bens. Isto inclúe o cumprimento das distancias mínimas a núcleos de poboación, edificacións residenciais, infraestruturas viarias, liñas eléctricas, así como a protección de elementos pertencentes ao patrimonio cultural, evitando o seu deterioro ou a perda da súa accesibilidade e valor público.
- Criterios derivados da Declaración de Impacto Ambiental (DIA): Incorpóranse recomendacións específicas deste informe, de especial relevancia para o presente POPEVA, entre as que destacan:
 - A restrición á eliminación da vexetación arbórea autóctona.
 - A protección de hábitats prioritarios e a conservación da súa integridade ecolóxica.
 - A limitación de usos forestais en áreas de interese cultural, como medida de protección do patrimonio.
 - A integración paisaxística das actuacións, evitando cambios drásticos no uso do solo que comprometan a coherencia visual e ambiental da contorna. Sen perder de vista que a reestruturación tanto na execución das infraestruturas precisas como na implementación dos usos aprobados no POPEVA implica variacións na paisaxe que non se poden evitar.

Na táboa seguinte reflíctense as superficies destinadas a cada tipo de uso.

APTITUDE AGROFORESTAL		
TIPO TERREO	SUPERFICIE (HA)	%
AGRARIA	341	76,28
FORESTAL	80	17,90
INCULTO	26	5,82
TOTAL	447	100





Plano de zonas de aptitude agroforestal da ZRP de Guilfrei.

8. ORIENTACIÓNS PRIORITARIAS PROPOSTAS

As dúas orientacións produtivas prioritarias, tal como se vén analizando ao longo deste documento, son a agropecuaria -centrada na produción de vacún de carne, e secundariamente de leite, coas correspondentes necesidades de superficie forraxeira- e a forestal.

Para ambas orientacións, considérase necesario dispoñer da totalidade do terreo clasificado como preferente, en coherencia co uso do solo establecido no plan de ordenación de usos.

Non se contempla nesta fase o solo sen aptitude específica.

8.1. USO AGROPECUARIO

Uso agropecuario: Caracterizado por aproveitamentos agropecuarios vinculados ás explotacións da zona, uso estritamente agropecuario con cultivos como forraxe, pastos para gando pero tamén millo ou outro tipo de cultivos agrícolas.

Nas zonas delimitadas como de uso agropecuario, non cabe un uso forestal produtor.

Enténdese por uso agropecuario, aquel relativo a cultivo agrícola, prados, praderías, pastos ou semellantes.





O aproveitamento axeitado dos recursos nos terreos delimitados para este uso, é o estritamente agrario, no que cando menos se dea unha agricultura de conservación. Con carácter xeral permítense todo tipo de aproveitamentos agrarios (cultivos agrícolas) sometidos aos condicionantes que esixan as normativas sectoriais de aplicación.

A implantación deste uso naqueles terreos con aproveitamentos incompatibles coa nova determinación axustarase á normativa sectorial de aplicación vixente, de xeito que de ser necesario acometer un aproveitamento forestal previo, requirirase comunicación ou autorización do órgano responsable en materia forestal consonte a normativa vixente en materia forestal (actualmente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e Decreto 73/2020, de 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia).

As persoas que acheguen terreos cuxos usos sexan contrarios ao plan aprobado coas bases, poderán manter o uso forestal cando menos ata a data da toma de posesión dos predios de substitución, momento no que contando cos permisos e autorizacións preceptivos, realizarán as actuacións precisas para a implementación do uso previsto no POPEVA.

Prohíbese polo tanto a forestación das terras con calquera tipo de especies e o seu abandono.

8.2. USO FORESTAL

Con carácter xeral, aos efectos deste plan enténdese por uso forestal a implantación de aproveitamentos forestais sexan plantacións conservadas ou produtoras.

Dentro deste uso inclúense os terreos que conteñen masas de frondosas caducifolias, consideradas de interese para a súa conservación segundo a normativa sectorial vixente. Tamén se inclúen os ribazos e franxas arboradas que protexen os camiños principais existentes, así como outros terreos nos que, aínda sendo posible un uso estritamente agropecuario, se prevé a posibilidade da súa forestación, sempre co estricto cumprimento da normativa aplicable, en particular a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e a Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Nos terreos que presentan plantacións residuais de frondosas, non se permite a forestación con ningunha outra especie arbórea distinta ás actualmente existentes ou ás propias deste tipo de formacións.

Nos terreos de uso forestal con especies de repoboación, froito de plantacións realizadas conforme á normativa vixente, poderase manter ou renovar o uso forestal de acordo co disposto na lexislación de aplicación, prestando especial atención ás restricións establecidas para determinadas especies —como o eucalipto ou as acacias— segundo a lexislación agroforestal galega.

A implantación deste uso deberá respectar as fases do procedemento de reorganización da propiedade, polo que non se poderá executar ningunha nova forestación ata despois da aprobación do Acordo e da toma de posesión provisional, momento no que os adxudicatarios pasan a ser titulares e posuidores dos novos predios. Isto garante que os investimentos asociados á forestación se realicen unicamente sobre parcelas consolidadas legalmente.

En consecuencia, non se permitirá a forestación con especies prohibidas pola normativa forestal nin o abandono das terras, co obxecto de asegurar a conservación e o aproveitamento sostible do solo.





Os aproveitamentos específicos dentro de cada zona delimitada, así como as orientacións produtivas prioritarias, deberán axustarse ao uso asignado e á normativa sectorial correspondente.

8.3. NECESIDADES MÍNIMAS DE TERREO PARA OS DISTINTOS USOS

O artigo 21 apartado 2-a) da METAGA recolle a necesidade de determinar no plan a superficie mínima que precisan as explotacións que opten pola incorporación voluntaria ao plan *“O conxunto de terreos achegados debe ser suficiente para acadar o tamaño mínimo determinado no plan para a orientación prioritaria proposta”*.

Polo tanto, procede establecer neste apartado o tamaño mínimo para as orientacións prioritarias propostas, a agrogandeira (orientada a bovino de leite ou carne) e a forestal.

No que atinxe ao tamaño mínimo dos terreos precisos para unha explotación viable de bovino de leite ou carne resulta moi variable dependendo da estrutura produtiva, axudas coas que conta, etc., pero en xeral tendo en conta as explotacións da zona estímase que canto menos debера contar con 15 ha.

No que atinxe a unha explotación forestal da terra de xeito profesional nos termos previstos na normativa forestal, nas que sexa posible unha xestión ordenada, podemos indicar unha superficie mínima de 25 ha, superficie que se pode acadar cos mecanismos de asociacionismo, que permitan as agrupacións de xestión conxunta (SOFOR, CB, SAT, etc.).

9. INICIATIVAS SINGULARES

En principio, do resultado tanto das xuntanzas mantidas cos participantes no procedemento para informar sobre o proceso de reestruturación parcelaria como nas fases relativas á investigación da propiedade e á clasificación de terras, na data de redacción deste documento non se teñen presentado proxectos de iniciativas de aproveitamentos singulares de terreos nos termos regulados na METAGA, polo que dado que se descoñece o aproveitamento concreto, non cabe determinar neste momento unha proposta de unidade mínima de terreo precisa para a súa viabilidade.

De presentarse, estudarase a viabilidade do plan económico presentado e as necesidades de localización.


10. ESTUDO DE TRAZAS DOS CAMIÑOS

Realizouse unha revisión sobre o terreo co obxectivo de definir o deseño máis axeitado para a rede viaria precisa para dar servizo á propiedade reorganizada, tendo en conta a configuración da reestruturación da propiedade prevista, a rede de camiños existente, así como as condicións orográficas e de pendente do ámbito de actuación.

Atendéronse as observacións recollidas no Informe de Avaliación Ambiental, procedéndose á corrección das trazas nas que se solicitaron modificacións co fin de mellorar a integración territorial e ambiental da infraestrutura viaria. Así mesmo, mantivéronse reunións técnicas co grupo auxiliar de traballo, cuxo coñecemento directo do terreo resultou fundamental para o axuste das propostas ás condicións reais do espazo.


Establécese como criterio básico o aproveitamento e mellora da rede viaria preexistente, coa finalidade de reducir a afección sobre o medio, preservar as zonas de protección e minimizar a





Para os camiños de nova apertura, definiranse anchos adecuados que permitan o tránsito e manobra da maquinaria agrícola, garantindo a operatividade dos predios resultantes e facilitando o seu uso conforme ás orientacións produtivas previstas.

A proposta viaria intégrase funcional e ambientalmente no territorio, respectando as condicións naturais, as necesidades de acceso dos novos predios e os condicionantes legais e ambientais. A rede deseñada busca un equilibrio entre eficiencia técnica, sustentabilidade e respecto polas dinámicas locais, converténdose nun elemento estruturante clave para a posta en valor dos predios resultantes da reestruturación.





A lonxitude total dos camiños da proposta é entorno aos 20,47 km.

O resumo das actuacións a realizar recóllese na seguinte táboa:

CAMIÑO	LONXITUDE	ANCHO FIRME	TIPOLOXÍA
G-1	692	5,00	Existente
G-2	602	5,00	Existente
G-3	814	5,00	Existente
G-4	401	5,00	Existente
G-5	882	5,00	Existente
G-6	183	4,00	Nova apertura
G-7	733	4,00	Nova apertura
G-8	157	4,00	Existente
G-9	476	5,00	Existente
G-10	738	5,00	Existente - Nova apertura
G-11	302	5,00	Existente
G-12	755	5,00	Existente
G-13	715	5,00	Existente - Nova apertura
G-14	420	5,00	Existente - Nova apertura
G-15	1572	5,00	Existente
G-16	456	5,00	Existente - Nova apertura
G-17	184	4,00	Existente
G-18	85	4,00	Existente
G-19	196	4,00	Existente
G-20	435	5,00	Existente
G-21	186	4,00	Existente
G-22	361	5,00	Existente
G-23	786	5,00	Existente
G-24	376	5,00	Nova apertura
G-25	32	5,00	Existente
G-26	79	4,00	Existente
G-27	201	5,00	Existente - Nova apertura
N-1	246	4,00	Existente
N-2	420	4,00	Existente
N-3	411	5,00	Existente
N-4	608	5,00	Existente
N-5	661	5,00	Nova apertura
N-6	299	4,00	Existente
N-7	223	4,00	Existente
N-8	455	4,00	Existente
N-9	838	5,00	Existente - Nova apertura
N-10	1524	5,00	Existente
N-11	944	5,00	Existente - Nova apertura
N-12	238	4,00	Existente - Nova apertura
N-13	658	5,00	Existente
N-14	130	4,00	Existente
TOTAL	20.474		





10.1. BORRADOR DO PLAN DE OBRAS

Atendendo ás trazas previstas e á tipoloxía dos camiños definidos no proxecto, as obras proxectadas estrutúranse nas seguintes fases, segundo se trate de camiños de nova apertura ou de mellora de camiños existentes:

- Camiños de nova apertura
 - Realización de movementos de terras para a formación da explanación.
 - Execución de obras de fábrica necesarias para a correcta circulación e drenaxe das augas.
 - Aplicación dunha capa de subbase composta por material de préstamo, cun espesor de 0,35 metros.
 - Colocación dunha capa de base de saburra artificial cun espesor de 0,15 metros.
- Camiños de mellora
 - Movementos de terras limitados á zona de ampliación da sección viaria.
 - Execución de obras de fábrica para garantir a adecuada drenaxe.
 - Aplicación dunha capa de subbase de material de préstamo (espesor 0,35 m) en toda a capa de rodadura ou exclusivamente na zona de ampliación, se é o caso.
 - Capa de base de saburra artificial cun espesor uniforme de 0,15 metros en todo o trazado mellorado.
- Firme asfaltado
 - Execución dunha base de macadam de 0,15 metros de espesor.
 - Aplicación dun firme mediante tripla rega asfáltica.

En todos os camiños previstos, defínese unha sección tipo cun ancho útil de entre 4 e 5,00 metros de capa de rodadura, complementada con gabias laterais de 1,00 metro de ancho e profundidade mínima de 0,30 metros, destinadas á recollida e evacuación de augas pluviais.

Será a partir da aprobación do Acordo de reestruturación parcelaria por parte da Dirección Xeral competente e unha vez configurados os predios de substitución, cando se proceda á avaliación das necesidades concretas de acondicionamento para a posta en produción rendible das novas unidades prediais. Esta avaliación terá en conta:

- Os intereses das persoas titulares dos predios.
- A situación das parcelas (integradas en explotacións existentes ou de nova creación).
- O grao de accesibilidade dos predios resultantes.
- A existencia ou non de compromisos de integración no POPEVA.
- As disponibilidades orzamentarias da administración.
- En función destes criterios, determinarase, se procede, a necesidade e os termos de actuacións complementarias como:
 - Acondicionamento de parcelas.
 - Creación de accesos desde a rede viaria pública.
 - Implantación dunha rede de camiños secundarios.

11. NORMAS ESPECÍFICAS NO DESEÑO DE PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN PARA EXPLOTACIÓNS INTEGRADAS NO POPEVA

Unha vez se coñezan as explotacións interesadas determinarase individualmente para cada unha, atendendo ao tipo de explotación, necesidades e aproveitamentos, a mellor configuración e





localización dos predios que se adxudiquen, atendendo aos criterios da METAGA e intereses dos propietarios.

A maior abastanza, aquelas explotacións ou figuras xurídicas asociativas que se adherisen voluntariamente ao plan asumen o compromiso de manter o conxunto das terras en explotación conforme á orientación produtiva indicada no compromiso e incluída no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, durante un período mínimo de 15 anos desde que o Acordo de reestruturación sexa firme, ou, no caso de cesamento de actividade, en arrendamento coas mesmas condicións polo prazo que reste ata completar o citado período mínimo. No caso de aproveitamentos forestais, o prazo mínimo será de 25 anos ou o prazo establecido no plan de ordenación aprobado pola autoridade forestal.

O incumprimento das obrigas asumidas coa aceptación deste compromiso é considerado como falta moi grave na METAGA.

12. NORMAS TÉCNICAS XERAIS PARA O EMPRAZAMENTO DE PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN PARA EXPLOTACIÓNS INTEGRADAS NO POPEVA

Con carácter xeral, calquera aproveitamento agropecuario e/ou forestal esixe unha configuración o máis regular posible que garanta a súa mecanización, así como unha superficie que en función do cultivo ou aproveitamento faga rendible a produción atendidos os custes precisos para obter esa produción.

Esixe ademais accesos a viais que permitan a entrada de maquinaria na propiedade para mellorar e simplificar o seu manexo e unhas labores de acondicionamento (nivelacións, roturacións, etc.) actuacións todas que deixen os predios en situación de facilitar ao seu adxudicatario a implantación dos cultivos e/ou aproveitamentos previstos.

A maior abastanza, identificadas as orientacións produtivas nas que estean interesados os titulares de explotacións que, de selo caso, se adhiran ao plan de ordenación, é posible que xurdan outras necesidades como zonas máis húmidas, necesidades de rega, etc.

Por este motivo, neste punto e con independencia de que existen unhas normas mínimas para todos os predios de substitución, deberán avaliarse as orientacións prioritarias produtivas e ver as necesidades concretas en cada caso que se determinarán a posteriori, e en particular no prazo dado para a formulación de peticións de preferencias nas adxudicacións dos predios de substitución.

13. RÉXIME TRANSITORIO

Aínda que se establece o carácter obrigatorio do POPEVA, desde a súa aprobación pola dirección xeral competente, e polo tanto os posuidores das parcelas de Bases obxecto da reestruturación parcelaria non poden implementar aproveitamentos nelas contrarios á determinación de usos aprobada co plan, esa eficacia pode quedar demorada ao momento da aprobación do Acordo de reestruturación parcelaria que determina, entre outras informacións, o adxudicatario concreto dos predios de substitución e polo tanto a persoa responsable de cumprir coas obrigas que impón este documento, e a toma de posesión daqueles predios autorizada pola dirección xeral competente ou órgano que a substitúa.

Non se poden realizar aproveitamentos forestais (cortas de arborado existente ou novas plantacións) sen contar coa preceptiva autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias, cuxa decisión ten carácter discrecional valorando entre outros extremos o estado de tramitación do





procedemento reorganizador da propiedade e o coñecemento de que se dispoña en cada momento das posibles adxudicacións de propiedade, de xeito que non se permiten aproveitamentos forestais como novas plantacións se non resulta claro quen sexa o adxudicatario do predio no que se pretenda forestar.

Coa toma de posesión o adxudicatario do predio asume todos os dereitos e obrigas inherentes á titularidade dominical, é dono e posuidor, e polo tanto responsable fronte a terceiros dos efectos que o estado do predio implique.

Durante o prazo de toma de posesión, a persoa que achegou os terreos deberá retirar todo aquilo da súa titularidade cuxa permanencia no predio contraveña o uso establecido para o predio no POPEVA. De tratarse de masa forestal, deberá contar cos permisos e autorizacións, declaracións responsables e/ou comunicacións que establece ao respecto a normativa forestal, evitando causar danos ao predio e a terceiros.

Para o caso de adaptación dos usos forestais prohibidos en solo de uso agropecuario, o período máximo será igual ao da quenda de corta da especie principal da masa forestal existente ou á determinación concreta que se estableza na resolución de autorización da toma de posesión. Para a determinación da idade de corta terase en conta o modelo silvícola ao que estea adherido o predio ou ao que máis se asemelle a masa forestal existente (Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientadores e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, modificada pola Orde do 9 de febreiro de 2021).



Neste caso, logo de realizado o aproveitamento forestal autorizado do arboredo existente no predio, non se permitirá a súa repoboación forestal, debendo destinarse aquel aos usos que para el se prevén no POPEVA, so pena de incorrer en responsabilidade pola comisión de infracción administrativa determinante da incoación de expediente sancionador, e, de selo caso, a apertura e tramitación do procedemento de declaración de finca en estado de infrautilización e/ou abandono previsto na lei de recuperación de terra agraria de Galicia, sen prexuízo como ten quedado exposto da responsabilidade en que incorre quen contraveña as disposicións deste plan, con prexuízos para terceiros, que poderán reclamar o resarcimento dos danos ocasionados na vía xudicial ordinaria.

PLANOS

1. PLANO DE SITUACIÓN E LOCALIZACIÓN
2. PLANO DE ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL
3. PLANO DE TRAZAS DOS CAMIÑOS
4. PLANO DE DELIMITACIÓN DE USOS AGROPECUARIO E FORESTAL
5. PLANO 3D

Lugo, data da sinatura
O coordinador da zona, Fernando López López
Vº e pr., a xefa do servizo, María Pérez Folgueira





Parroquia de Santa María de Vilaesteva de Herdeiros (Láncara)

Parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei (Zona excluída de R.P.)

Parroquia de San Román de Armesto

Parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei (Zona excluída de R.P.)

Parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei (Zona excluída de R.P.)

Parroquia de San Salvador de Toldaos (Triacastela)

Parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei (Zona excluída de R.P.)

Parroquia de San Salvador de Toldaos (Triacastela)

Parroquia de San Xoán de Torés (As Nogais)



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GUILFREI (BECERREÁ-LUGO)

PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA


OBSERVACIÓN:
PLANO DE SITUACIÓN E LOCALIZACIÓN


PLANO Nº:
1

DATA:
AGOSTO 2025

ESCALA:
S/E

ASISTENCIA TÉCNICA:
Enseros
Enxeñaría e servizos integrados, SL





de
(P.)

Parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei (Zona excluida de R.P.)

Parroquia de San Salvador de Toldaos (Triacastela)

Roman de Arnesto

- ESTRADAS
- ZONA EXCLUÍDA
- ESTUDO TRAZAS CAMIÑOS
- ELEMENTOS PATRIMONIAIS
- - - SOLO DE NÚCLEO RURAL
- EDIFICACIÓNS
- PARCELAS




STENCIA TÉCNICA:


Enseros
Enxellería e servizos integrados, SL

DATA: _____

DATA: _____



0 100 200 m






LENDA

- ESTRADAS
- SOLO DE NÚCLEO RURAL
- EXPLOTACIÓN BOVINO
- EDIFICACIÓN
- PARCELAS
- APTITUDE AGROFORESTAL
- AGROPECUARIO
- FORESTAL

  	
ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GUILFREI (BECERREÁ-LUGO)	
PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA	PLANO Nº: 4
OBSERVACIÓN: PLANO DE DELIMITACIÓN DE USOS AGROPECUARIO E FORESTAL	DATA: AGOSTO 2025
ESCALA: 1:5.000	
	
	

ASISTENCIA TÉCNICA: **Enseros**
Enxeñaría e servizos integrados, SL



LENDA

- ESTUDO TRAZAS CAMIÑOS
- EDIFICACIÓNS
- APTITUDE AGROFORESTAL
- USO AGROPECUARIO
- USO FORESTAL



ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GUILFREI (BECERREÁ-LUGO)

PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA

OBSERVACIÓNS:

PLANO Nº: **5**

DATA: AGOSTO 2025

ESCALA: **1:5.000**

0 100 200 m

ASISTENCIA TÉCNICA:

Enseros

Enxeñaría e servizos integrados, SL

